



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia da Unión Europea

Materia	Historia da Unión Europea			
Código	ODIEV01DIEH05002			
Titulación	Oferta de Materias Específicas de Departamentos para Alumnos ISEP, Erasmus e Visitantes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Domínguez Castro, Luís			
Profesorado	Domínguez Castro, Luís			
Correo-e	dominguez@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Esta materia pretende familiarizar ao alumnado de intercambio coa historia da UE, enriqueciéndonos mutuamente coa visión que deste proceso histórico se ten en cada un dos países de orixe do alumnado.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
B10	Integrar coñecementos e poder desenvolver un proceso de comunicación sólido a partir dunha información que, aínda que sexa incompleta, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas ao proceso comunicativo.
C24	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C30	Destreza para a procura de información/documentación
C34	Posuír unha ampla cultura
C47	Coñecementos de cultura xeral e civilización
D4	Capacidade para adaptarse a novas situacións.
D7	Apreciación da diversidade e a multiculturalidade.
D9	Capacidade crítica e de autocrítica.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Comprensión dos condicionantes políticos, económicos, sociais e culturais que están na orixe da construción europea	A1	B6	C24	D7
	A2	B8	C30	D9
	A3	B10	C34	
	A4			
Adquisición de coñecementos para poder entender o proceso de construción europea e a súa evolución histórica	A5	B6	C24	D4
		B8	C30	
		B10	C47	

Contidos

Tema	
1. OS FUNDAMENTOS DO PROCESO DA CONSTRUCCIÓN EUROPEA (1945-1949)	<ul style="list-style-type: none"> - O proxecto Paneuropa. - O Memorando de A. Briand. - O Movemento Europeo. - A conxuntura histórica (1945-1949). - A cooperación económica. - A cooperación militar. - A cooperación política.
2. O NACEMENTO DAS COMUNIDADES EUROPEAS (1950-1958)	<ul style="list-style-type: none"> - A primeira integración económica: do Benelux á CECA. - A integración militar: da CED á UEO. - A integración política. - A segunda integración económica: los Tratados de Roma.
3. A EUROPA DOS SEIS (1958-1972)	<ul style="list-style-type: none"> - O desenvolvemento interno da Europa dos Seis: as políticas comúns e as políticas complementarias. - Os británicos e a Europa dos Seis: da EFTA as solicitudes de adhesión. - De Gaulle e a Europa dos seis: dos Plans Fouchet á crise da cadeira baleira. - O Cumio da Haia de 1969.
4. DA EUROPA DOS SEIS Á EUROPA DOS DOCE (1973-1994)	<ul style="list-style-type: none"> - O marco histórico. - O desenvolvemento institucional: o Consello Europeo e o Parlamento Europeo reforzado. - A evolución das políticas comunitarias. - Os problemas internos. - A Presidencia Delors (1985-1994). - A Acta Única Europea. - O Tratado de Maastricht.
5. A UNIÓN EUROPEA DE MAASTRICHT Á LISBOA (1994-2009)	<ul style="list-style-type: none"> - A dinámica interna comunitaria. - O desenvolvemento das políticas comunitarias. - A ampliación ao Este. - O Tratado de Amsterdam. - O Tratado de Niza. - O Tratado polo que se institúe unha Constitución para Europa. - O Tratado de Lisboa.
6. A UNIÓN EUROPEA DA GRAN RECESIÓN Á COVID-19 (2009-2020)	<ul style="list-style-type: none"> - O marco histórico. - A Gran Recesión e Europa. - A evolución das políticas comunitarias - O Brexit.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	42	60	102
Exame de preguntas obxectivas	2	8	10
Exame de preguntas obxectivas	2	8	10
Autoavaliación	0	24	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación do curso e do programa.
	Tarefas de xestión e administración da conta do alumnado en MOOVI.
Lección maxistral	Exposición dos seis temas que compoñen a materia. As exposicións serán completadas coa lectura e debate de artigos da prensa diaria que aborden o proceso de integración europea en todos os seus aspectos, contrastando as informacións coas opinións do alumnado desde as súas diferentes ópticas nacionais.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico, atendendo as distintas necesidades do alumnado, en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas.
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico.
Exame de preguntas obxectivas	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	40	A1 B6 C24 D4 A2 B8 C30 D7 A3 B10 C34 D9 A4 C47 A5
Exame de preguntas obxectivas	40	A1 B6 C24 D4 A2 B8 C30 D7 A3 B10 C34 D9 A4 C47 A5
Autoavaliación	20	A1 B6 C24 D4 A2 B8 C30 D7 A3 B10 C34 D9 A4 C47 A5

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que non poida realizar os dous cuestionarios ou que non supere algún deles, terá que realizar outro cuestionario cos contidos dos temas incluídos naqueles que non tivera feito ou superado.

Na convocatoria de xuño, o alumnado que non tivera superado a primeira edición terá que realizar outro cuestionario cos contidos dos temas incluídos naqueles que non tivera feito ou superado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

CASTELLS, M. et al (eds.), **Las crisis de Europa**, Alianza Editorial, 2018

FERNÁNDEZ NAVARRETE, D.; FERNÁNDEZ EGEA, R.M^a., **Historia de la Unión Europea: de los orígenes al postbrexit**, UAM, 2022

GRANDJEAN, G., **Histoire de la construction européenne**, Bruylant, 2020

LOTH, W., **Building Europe, a history of European integration**, De Gruyter, 2015

MORENO JUSTE, A. y NÚÑEZ PEÑAS, V., **Historia de la construcción europea desde 1945**, Alianza Editorial, 2017

Bibliografía Complementaria

FERNÁNDEZ NAVARRETE, D., **Fundamentos económicos y políticos de la Unión Europea**, Delta, 2014

FORNER, S., **La construcción de Europa: de las guerras civiles a la unificación**, Bblioteca Nueva, 2007

FORNER, S., **Comprender Europa: claves de la integración europea**, Bblioteca Nueva, 2010

KUNDANI, H., **La paradoja del poder alemán**, Galaxia Gutenberg, 2016

MARTIN DE LA GUARDÍA, R. et al (Coords.), **Historia de la construcción europea**, Ariel, 2001

Recomendacións

Outros comentarios

O alumnado da materia debe ter un nivel suficiente de dominio do español.